



Concello de Vigo

D^a. YOLANDA AGUIAR CASTRO, CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VIGO

C E R T I F I C O: Que a Xunta de Goberno Local, na **sesión extraordinaria e urxente do 5 de novembro de 2020**, adoptou o seguinte acordo:

5.- PRÓRROGA DA XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN NOMINATIVA Á FUNDACIÓN MARCO PARA ARRANXOS DE CUBERTA E MELLORAS NO EDIFICIO DO MUSEO DE ARTE CONTEMPORÁNEA DE VIGO. EXPTE. 2746/341.

Visto o informe xurídico e o informe de fiscalización, ambos do 3/11/2020, dáse conta do informe-proposta de data 2/11/2020, asinado polo xefe do Servizo de Museos, o xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural, o concelleiro-delegado de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Con data 22/10/2020 o director da Fundación MARCO, a través do Rexistro Electrónico do Concello (cod. Solicitue W487041-1669) solicita “que lle sexa concedida unha prórroga ata a 3^a semana de decembro de 2020 para executar e xustificar a subvención a fin de realizar a totalidade das obras” referidas ao expediente 247-341 de “Subvención nominativa á Fundación MARCO para arranxos de cuberta e melloras no edificio do Museo de Arte Contemporánea. Na solicitude da Fundación expóñense diversos motivos xustificativos da solicitude de prórroga de xustificación da subvención que lle fora outorgada, particularmente polas incidencias na licitación da obra e a climatoloxía adversa.

Sobre a licitación da obra a Fundación Marco ten informado que publicara no seu día o procedemento de licitación das citadas obras na Plataforma de Contratación do Estado (29 de xullo 2020) e o anuncio previo (21 de maio 2020), pero que non se presentaron ofertas polo que tiveron que iniciar un novo procedemento negociado; por outra parte, a climatoloxía adversa presentada no mes de outubro incidíu no desenvolvemento do plan de obra. Por tanto, resulta adecuada a fundamentación da solicitude da Fundación Marco para que polo órgano competente, si así o considerase, se acceda á ampliación do prazo de xustificación da subvención que lle concedera o Concello de Vigo.

A Xunta de Goberno Local na súa sesión do 30 de xullo de 2020 acordou

“PRIMEIRO.-

a) *Aprobar o “proxecto básico e de execución para as obras de reparación en lucernarios e cubertas do Museo de Arte Contemporánea de Vigo” presentado pola Fundación MARCO, CIF: G36909885, redactado polos arquitectos David Carvajal Rodríguez-Cadarso e Juan Luis Piñeiro Ferradás, revisado e asinado con data do 12 de xuño de 2020 (...)*

b) *Autorizar a realización das obras de conservación no edificio municipal da rúa Príncipe 54, de acordo co citado proxecto básico e de execución.*

SEGUNDO.- *Aprobar a concesión directa dunha subvención á FUNDACIÓN MARCO, CIF: G36909885 por importe de 120.000 € (cento vinte mil euros), para o financiamento da realización de obras promovidas por esta entidade para arranxo da cuberta e melloras no edificio do Museo de Arte Contemporánea de Vigo (rúa do Príncipe num 54), e autorizar e dispoñer o gasto con cargo á*



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 11/05/2024 03:52

Páxina 1 de 4

SUBVENCIONS

CSV: A1A542-C1D8A3-EDADC9-BXA8B2-MC8TZ3-F1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

aplicación orzamentaria 3330.780.00.03 “Arranxos da cuberta e melloras no edificio do MARCO”, que figura no orzamento municipal vixente do Concello de Vigo. (...)”

A Xunta de Goberno Local tamén acorda as condicións que rexerán a subvención e que deberá cumprir a Fundación MARCO, entre outras as seguintes:

- Executar as obras de arranxo da cuberta e melloras no edificio do Museo de Arte Contemporánea de Vigo (rúa do Príncipe num 54) de acordo co “proxecto básico e de execución para obras de reparación en lucernarios e cubertas do Museo de Arte Contemporánea de Vigo”, promovido e presentado pola Fundación Marco, suscrito polos arquitectos David Carvajal Rodríguez-Cadarso e Juan Luís Piñeiro Ferradás, actualizado con data 12 de xuño de 2020.
- Nomear a dirección facultativa das obras para a execución do proxecto de obra e nomear a dirección da coordinación de seguridade e saúde.
- Asumir ao seu cargo todos os gastos, de calquera tipo, e obrigas derivados da execución do proxecto de obra (en particular, os de redacción dos proxectos que fosen necesarios, a dirección de obra, a coordinación de seguridade e saúde, etc.)
- Realizar as contratacións necesarias para a execución das obras de acordo cos procedementos e requisitos previstos na Lei 9/2017, de novembro, de Contratos do Sector Público.
- Cumprir coas obrigas fiscais, así como das disposicións vixentes en materia laboral, de Seguridade Social e de saúde e hixiene no traballo.
- Comunicar á Concellería de Cultura as modificacións das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención (art.11.d da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia), en particular os cambios no proxecto, obtención doutras subvencións, axudas ou recursos que modifiquen o financiamento, no momento en que teña constancia da súa dispoñibilidade ou efectividade, e en en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos; co obxecto de determinar a oportunidade da autorización das eventuais modificacións, ou ben proceder á redución do importe da subvención concedida ou reintegro.
- A alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión (art.17.3 da citada Lei).
- A concesión da subvención á Fundación MARCO implica a súa aceptación das obrigas sinaladas na resolución de concesión e nas normativas citadas sobre subvencións; particularmente sobre as obrigas sinaladas nos artigos 11 e 12, xustificacións, reintegros e subcontratación previstos na Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia.

- “XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN.

1.- A Fundación MARCO, beneficiaria da subvención, terá de prazo ata o 10 de novembro de 2020 (incluído) para dar cumprimento das finalidades para as que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos.

Transcorrido o prazo establecido de xustificación sen presentarse esta ante o órgano administrativo competente, este requirirá ao beneficiario para que no prazo improrrogable de quince días sexa presentada aos efectos previstos neste Capítulo. A falla de presentación da xustificación no prazo establecido neste apartado levará consigo a esixencia de reintegro e demais responsabilidades establecidas na Lei Xeral de Subvencións. A presentación da xustificación no prazo adicional establecido neste apartado non eximirá ao beneficiario das sancións que, conforme á Lei Xeral de Subvencións, correspondan.

O acordo da XGL establece detalladamente os mecanismos e documentos da xustificación da subvención, así como os de comprobación da mesma, reintegro, réxime de infraccións e sancións, perda do dereito ao cobro.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 11/05/2024 03:52	Páxina 2 de 4
SUBVENCIONS	CSV: A1A542-C1D8A3-EDADC9-BXA8B2-MC8TZ3-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Concello de Vigo

A concesión da subvención outorgada polo Concello de Vigo á entidade FUNDACIÓN MARCO, para a realización de obras de arranxo da cuberta e melloras no edificio do Museo de Arte Contemporánea de Vigo (rúa do Príncipe num 54), rexirase pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; a lexislación básica do Estado en materia de réxime local e de procedemento administrativo común, os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; a Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

As “Normas de peche do exercicio orzamentario 2020”, expte 70/142 establecen que a xustificación e rendición de subvencións “deberán ser remitidas para a súa comprobación con data límite o día para a súa xustificación, ata o de 16 de novembro, aos efectos de subsanar dentro do exercicio calquera defecto na documentación recibida”.

A acta de Comprobación e Replanteo de obra, asinada polo arquitecto director e a empresa constructora, indica que os traballos poderían iniciarse con data 14 de outubro de 2020; polo que tendo en conta que o cronograma de obra presentado coa solicitude da Fundación MARCO é de 9 semanas e que despois da xustificación da subvención que se presente compre realizar operacións de comprobación e subsanación, de selo caso, e todo isto dentro do actual exercicio orzamentario, a data que se propón como límite para a ampliación da xustificación da subvención é a do 21 de decembro de 2020.

Á vista do exposto e da solicitude da Fundación MARCO, coa conformidade do Xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural e do concelleiro-delegado da Área de Cultura e Emprego e do concelleiro da Área de Orzamentos e Facenda, faise á Xunta de Goberno Local a seguinte

PROPOSTA.-

“Que se amplie o prazo estipulado nas “Normas de peche do exercicio orzamentario 2020” (expte 70/142) para a xustificación de subvencións (previsto para o día 16 de novembro de 2020) de forma que a xustificación da subvención concedida á FUNDACIÓN MARCO, CIF: G36909885, pola Xunta de Goberno na súa sesión do 30 de xullo de 2020, por importe de 120.000 € (cento vinte mil euros), para o financiamento da realización de obras promovidas por esta entidade para arranxo da cuberta e melloras no edificio do Museo de Arte Contemporánea de Vigo (rúa do Príncipe num 54), expediente 2746-341, se poida presentar ata o 21 de decembro de 2020; polo que tamén se modifica o prazo inicial previsto no citado acordo de concesión.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 11/05/2024 03:52	Páxina 3 de 4
SUBVENCIONS	CSV: A1A542-C1D8A3-EDADC9-BXA8B2-MC8TZ3-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

E para que así conste e produza os seus efectos, emito a presente certificación coa salvedade do artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, de orde do Excmo. Alcalde, en Vigo na data da sinatura dixital.

CCA/me.

V. e Pr.

O ALCALDE,
Abel Caballero Álvarez.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 11/05/2024 03:52	Páxina 4 de 4
SUBVENCIONS	CSV: A1A542-C1D8A3-EDADC9-BXA8B2-MC8TZ3-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		